MP0234_24	Electromagnetismo e corrente alterna	2025/2026	0	63	0
MP0234_14	Corrente continua	2025/2026	0	44	0
MP0234_44	Seguridade e proteccións nas instalacións electrotécnicas	2025/2026	0	43	0
MP0234_34	Máquinas eléctricas	2025/2026	0	63	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ÁNGEL SOTELO ÁLVAREZ,MANUEL REY TRILLO (Subst.),MIGUEL BARREIRA GUERRA (Subst.)
Outro profesorado	MANUEL REY TRILLO

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0234_24) RA1 - Recoñece os principios do electromagnetismo, describe as interaccións entre campos magnéticos e condutores eléctricos, e relaciona a Lei de Faraday co principio de funcionamento das máquinas eléctricas.
(MP0234_14) RA1 - Realiza cálculos e medidas en circuítos eléctricos de corrente continua aplicando principios e conceptos básicos de electricidade.
(MP0234_34) RA1 - Recoñece as características dos transformadores mediante a realización de ensaios e cálculos, e describe a súa constitución e o seu funcionamento.
(MP0234_44) RA1 - Recoñece os efectos da electricidade nas persoas e nas instalacións, e identifica e calcula os dispositivos de protección que se deben empregar.
(MP0234_34) RA2 - Recoñece as características das máquinas de corrente continua, mediante a realización de probas, e describe a súa constitución e o seu funcionamento.
(MP0234_24) RA2 - Realiza cálculos e medidas en circuítos eléctricos de CA monofásica, aplicando as técnicas máis axeitadas.
(MP0234_24) RA3 - Realiza cálculos das magnitudes eléctricas básicas e medidas nun sistema trifásico e recoñece o tipo de sistema, así como a natureza e o tipo de conexión dos receptores.
(MP0234_34) RA3 - Recoñece as características das máquinas rotativas de corrente alterna, mediante a realización de cálculos, e describe a súa constitución e o seu funcionamento.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0234_24) CA1.1 Recoñecéronse as características dos imáns e dos campos magnéticos que orixinan.
(MP0234_34) CA1.1 Describíronse os circuítos eléctrico e magnético do transformador monofásico.
(MP0234_44) CA1.1 Manexouse o REBT e a normativa de aplicación en materia de prevención de riscos laborais.
(MP0234_14) CA1.1 Identificáronse as características de condutores, illantes e semicondutores, e diferenciouse o seu comportamento.

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
(MP0234_24) CA1.2 Recoñecéronse os campos magnéticos creados por condutores percorridos por correntes eléctricas.
(MP0234_34) CA1.2 Identificouse a simboloxía normalizada.
(MP0234_44) CA1.2 Recoñecéronse os inconvenientes do efecto térmico da electricidade.
(MP0234_14) CA1.2 Identificouse a simboloxía normalizada nos esquemas dos circuítos eléctricos.
(MP0234_24) CA1.3 Realizáronse cálculos básicos de circuítos magnéticos, utilizando as magnitudes axeitadas e as súas unidades.
(MP0234_34) CA1.3 Identificáronse as magnitudes nominais na placa de características.
(MP0234_44) CA1.3 Identificáronse os riscos de choque eléctrico nas persoas e os seus efectos fisiolóxicos, así como os factores relacionados.
(MP0234_14) CA1.3 Interpretáronse e realizáronse esquemas de circuítos eléctricos, utilizando simboloxía normalizada.
(MP0234_24) CA1.4 Recoñeceuse a acción dun campo magnético sobre correntes eléctricas.
(MP0234_34) CA1.4 Realizouse o ensaio en baleiro para determinar a relación de transformación e as perdas no ferro.
(MP0234_44) CA1.4 Identificáronse os riscos de incendio por quecemento.
(MP0234_14) CA1.4 Identificáronse as principais magnitudes eléctricas e utilizáronse correctamente as súas unidades.
(MP0234_24) CA1.5 Describíronse as experiencias de Faraday.
(MP0234_34) CA1.5 Realizouse o ensaio en curtocircuíto para determinar a impedancia de curtocircuíto e as perdas no cobre.
(MP0234_44) CA1.5 Recoñecéronse os tipos de accidentes eléctricos.
(MP0234_24) CA1.6 Relacionouse a Lei de indución de Faraday coa produción e a utilización da enerxía eléctrica.
(MP0234_34) CA1.6 Seleccionáronse os equipamentos de medida axeitados.
(MP0234_44) CA1.6 Recoñecéronse os riscos derivados do uso de instalacións eléctricas.

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
(MP0234_24) CA1.7 Recoñeceuse o fenómeno da autoindución.
(MP0234_14) CA1.7 Recoñecéronse os efectos químicos e térmicos da electricidade.
(MP0234_24) CA1.8 Recoñeceuse o fenómeno de interferencia electromagnética.
(MP0234_44) CA1.8 Interpretáronse as cinco regras de ouro para a realización de traballos sen tensión.
(MP0234_44) CA1.10 Identificáronse as proteccióǹs necesarias dunha instalación contra sobreintensidades e sobretensións.
(MP0234_34) CA1.10 Deducíronse as consecuencias dun accidente de curtocircuíto.
(MP0234_14) CA1.11 Identificáronse as características e as formas de conexión de aparellos de medida de tensión e intensidade.
(MP0234_34) CA1.11 Identificouse o grupo de conexión co esquema de conexións dun transformador trifásico.
(MP0234_44) CA1.11 Identificáronse os sistemas de protección contra contactos directos e indirectos.
(MP0234_44) CA1.12 Identificouse os elementos do sistema de posta a terra.
(MP0234_34) CA1.12 Describíronse as condicións de acoplamento dos transformadores.
(MP0234_14) CA1.13 Recoñecéronse as propiedades e a función dos condensadores.
(MP0234_34) CA1.13 Consultouse información técnica e comercial de diversos fabricantes.
(MP0234_24) CA2.1 Identificáronse as características dun sinal sinusoidal.
(MP0234_34) CA2.1 Clasificáronse as máquinas de CA segundo a súa excitación.
(MP0234_24) CA2.2 Identificouse a simboloxía normalizada.
(MP0234_34) CA2.2 Identificouse a simboloxía normalizada.
(MP0234_24) CA2.3 Recoñecéronse os valores característicos da CA.

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
(MP0234_34) CA2.3 Interpretouse a placa de características dunha máquina de corrente continua.
(MP0234_34) CA2.4 Identificáronse os elementos do indutor e inducido.
(MP0234_34) CA2.5 Recoñeceuse a función do colector.
(MP0234_34) CA2.6 Describiuse a reacción do inducido e os sistemas de compensación.
(MP0234_34) CA2.9 Cumpríronse as medidas de seguridade axeitadas durante os ensaios.
(MP0234_34) CA2.10 Interpretáronse as características mecánicas dun motor de corrente continua.
(MP0234_24) CA2.11 Identificouse o xeito de corrixir o factor de potencia dunha instalación.
(MP0234_34) CA2.11 Consultouse información técnica e comercial de diversos fabricantes.
(MP0234_24) CA2.13 Describiuse o concepto de resonancia e as súas aplicacións.
(MP0234_24) CA3.1 Recoñecéronse as vantaxes dos sistemas trifásicos na xeración e no transporte da enerxía eléctrica.
(MP0234_34) CA3.1 Clasificáronse as máquinas rotativas de corrente alterna.
(MP0234_24) CA3.2 Identificouse a simboloxía normalizada.
(MP0234_34) CA3.2 Identificouse a simboloxía normalizada.
(MP0234_24) CA3.3 Describíronse os sistemas de xeración e distribución a tres e a catro fíos.
(MP0234_34) CA3.3 Identificáronse os elementos que constitúen un motor de indución trifásico.
(MP0234_24) CA3.4 Identificáronse as dúas formas de conexión dos receptores trifásicos.
(MP0234_34) CA3.4 Interpretouse a placa de características.
(MP0234_34) CA3.5 Describíronse as conexións dos ennobelamentos en relación coa caixa de bornas.

Criterios de avaliación do currículo
(MP0234_34) CA3.6 Estableceuse a diferenza de funcionamento dos rotores de gaiola de esquío e bobinaxe.
(MP0234_34) CA3.7 Interpretouse a característica mecánica dun motor de indución.
(MP0234_34) CA3.8 Consultouse información técnica e comercial de diversos fabricantes.
(MP0234_24) CA3.11 Identificouse o xeito de corrixir o factor de potencia nunha instalación.
(MP0234_24) CA3.12 Describiuse o concepto de harmónicos e os seus efectos.
(MP0234_34) CA3.12 Seleccionouse o equipamento de medida axeitado.
(MP0234_34) CA3.13 Realizáronse medidas das magnitudes características consonte as normas de seguridade.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0234_44) RA1 - Recoñece os efectos da electricidade nas persoas e nas instalacións, e identifica e calcula os dispositivos de protección que se deben empregar.
(MP0234_14) RA1 - Realiza cálculos e medidas en circuítos eléctricos de corrente continua aplicando principios e conceptos básicos de electricidade.
(MP0234_34) RA1 - Recoñece as características dos transformadores mediante a realización de ensaios e cálculos, e describe a súa constitución e o seu funcionamento.
(MP0234_34) RA2 - Recoñece as características das máquinas de corrente continua, mediante a realización de probas, e describe a súa constitución e o seu funcionamento.
(MP0234_24) RA2 - Realiza cálculos e medidas en circuítos eléctricos de CA monofásica, aplicando as técnicas máis axeitadas.
(MP0234_24) RA3 - Realiza cálculos das magnitudes eléctricas básicas e medidas nun sistema trifásico e recoñece o tipo de sistema, así como a natureza e o tipo de conexión dos receptores.
(MP0234_34) RA3 - Recoñece as características das máquinas rotativas de corrente alterna, mediante a realización de cálculos, e describe a súa constitución e o seu funcionamento.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0234_34) CA1.4 Realizouse o ensaio en baleiro para determinar a relación de transformación e as perdas no ferro.
(MP0234_14) CA1.5 Resolvéronse problemas sobre a Lei de Ohm e a variación da resistencia coa temperatura.
(MP0234_34) CA1.5 Realizouse o ensaio en curtocircuíto para determinar a impedancia de curtocircuíto e as perdas no cobre.
(MP0234_14) CA1.6 Realizáronse cálculos de potencia, enerxía e rendemento eléctricos.
(MP0234_44) CA1.7 Elaboráronse instrucións de utilización das aulas-taller.
(MP0234_34) CA1.7 Conectáronse adecuadamente os aparellos de medida nos ensaios.
(MP0234_14) CA1.8 Simplificáronse agrupacións serie-paralelo de resistencias.
(MP0234_34) CA1.8 Cumpríronse as medidas de seguridade adecuadas durante os ensaios.
(MP0234_14) CA1.9 Realizáronse cálculos en circuítos eléctricos de CC que abranguen conexións serie e paralelo, ou varias mallas.
(MP0234_34) CA1.9 Calculouse o rendemento do transformador ensaiado.
(MP0234_44) CA1.9 Calculouse a sección dos condutores dunha instalación, considerando as prescricións regulamentarias.
(MP0234_14) CA1.10 Utilizáronse correctamente as unidades de cada magnitude.
(MP0234_44) CA1.10 Identificáronse as protección necesarias dunha instalación contra sobreintensidades e sobretensións.
(MP0234_44) CA1.11 Identificáronse os sistemas de protección contra contactos directos e indirectos.
(MP0234_34) CA1.11 Identificouse o grupo de conexión co esquema de conexións dun transformador trifásico.
(MP0234_14) CA1.12 Realizáronse medidas de tensión e intensidade tendo en conta as normas de seguridade dos equipamentos e das persoas.

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
(MP0234_44) CA1.12 Identificouse os elementos do sistema de posta a terra.
(MP0234_44) CA1.13 Dimensionouse o sistema de posta a terra.
(MP0234_14) CA1.14 Simplificáronse agrupacións serie-paralelo de condensadores.
(MP0234_24) CA2.4 Describíronse as relacións entre tensión, intensidade e potencia en circuítos básicos de CA con resistencia, con autoindución pura e con condensador.
(MP0234_24) CA2.5 Realizáronse cálculos de tensión, intensidade e potencia en circuítos de CA con acoplamento serie de resistencias, bobinas e condensadores.
(MP0234_24) CA2.6 Debuxáronse os triángulos de impedancias, tensións e potencias en circuítos de CA con acoplamento serie de resistencias, bobinas e condensadores.
(MP0234_24) CA2.7 Calculouse o factor de potencia de circuítos de CA.
(MP0234_34) CA2.7 Mediuse a intensidade de arranque con reóstato.
(MP0234_24) CA2.8 Seleccionouse o equipamento de medida axeitado.
(MP0234_34) CA2.8 Inverteuse a polaridade dos ennobelamentos para comprobar a inversión do sentido de xiro.
(MP0234_24) CA2.9 Realizáronse medidas de tensión, intensidade, potencia e factor de potencia, tendo en conta as normas de seguridade dos equipamentos e das persoas.
(MP0234_34) CA2.9 Cumpríronse as medidas de seguridade axeitadas durante os ensaios.
(MP0234_24) CA2.10 Relacionouse o factor de potencia co consumo de enerxía eléctrica.
(MP0234_34) CA2.11 Consultouse información técnica e comercial de diversos fabricantes.
(MP0234_24) CA2.12 Realizáronse cálculos de caída de tensión en liñas monofásicas de CA.
(MP0234_34) CA3.4 Interpretouse a placa de características.
(MP0234_24) CA3.5 Recoñeceuse a diferenza entre receptores equilibrados e desequilibrados.
(MP0234_24) CA3.6 Realizáronse cálculos de intensidades, tensións e potencias en receptores trifásicos equilibrados, conectados tanto en estrela como en triángulo.

Criterios de avaliación do currículo
(MP0234_24) CA3.7 Seleccionouse o equipamento de medida axeitado.
(MP0234_24) CA3.8 Realizáronse medidas de tensión, intensidade, potencia e enerxía, segundo o tipo de sistema trifásico e o tipo de carga.
(MP0234_34) CA3.8 Consultouse información técnica e comercial de diversos fabricantes.
(MP0234_24) CA3.9 Cumpríronse as normas de seguridade dos equipamentos e das persoas na realización de medidas.
(MP0234_34) CA3.9 Realizáronse cálculos de comprobación das características descritas na documentación técnica.
(MP0234_24) CA3.10 Realizáronse cálculos de mellora do factor de potencia en instalacións trifásicas.
(MP0234_34) CA3.10 Conectáronse os circuítos de máquinas eléctricas rotativas consonte as normas de seguridade.
(MP0234_34) CA3.11 Inverteuse o sentido de xiro.
(MP0234_34) CA3.12 Seleccionouse o equipamento de medida axeitado.
(MP0234_24) CA3.13 Realizáronse medidas de harmónicos interpretando o resultado das medidas.
(MP0234_34) CA3.13 Realizáronse medidas das magnitudes características consonte as normas de seguridade.
(MP0234_34) CA3.14 Realizouse un informe técnico cos resultados e as conclusións das medidas.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo profesional levarase a cabo a través da realización das dúas partes da proba.
Primeira parte. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.
Cualificarase esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Segunda parte. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que será práctica, e tamén terá carácter eliminatorio
A parte práctica basearase na resolución de diversos exercicios, esquemas e os seus montaxes prácticos, que permitan demostrar que o alumno consigue os resultados da aprendizaxe deste módulo.

Cualificarase esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será un valor entre 0 e 10, correspondente á media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

4. Caracteríticas da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A proba terá unha duración máxima de 2 horas e consistirá na resolución por escrito dunha proba de carácter teórico, que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Poderá conter preguntas de diverso tipo, entre as que se inclúen: preguntas tipo test, preguntas de clasificación e secuenciación e/ou preguntas de resposta curta.

O profesor do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Para o desenvolvemento da mesma os/as aspirantes deberán presentarse puntualmente para o chamamento, único, na aula, día e hora indicados no calendario oficial, aqueles aspirantes que non comparezan serán excluídos do proceso. Para acceder á proba deberase acudir provisto de documento de identificación (D.N.I., Pasaporte ou N.I.E.).
Só se poderá acceder á aula provistos de bolígrafo azul e negro e calculadora e non se poderá empregar ningún outro tipo de material (corrector, bolígrafo doutra cor, folios,...). Non se admitirá mesmamente o uso de ningún aparato electrónico ou de comunicación co exterior desde o inicio das probas, incluído o chamamento, ate o remate das mesmas. Isto inclúe teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo. O seu uso será motivo de exclusión.

Así mesmo, será motivo de exclusión calquera actuación de tipo fraudulento ou que incumpran as normas de prevención, protección e seguridade,sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Entre as actuacións de tipo fraudulento, que motivarán a exclusión das persoas aspirantes, considerase a utilización de calquera medio non permitido para a obtención dun resultado satisfactorio, tanto se fose empregado ou se intentase facelo. Neste caso, o profesor do módulo profesional cualificará esta parte da proba do módulo cun cero.

Unha vez iniciada a proba, as persoas candidatas agardarán un mínimo de quince minutos antes de poder abandonar a aula na que se estea a realizar, e entregarán a proba asinada ao profesor responsable. Non se poderá retirar da aula ningunha copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización do mesmo.

4.b) Segunda parte da proba

A proba práctica terá unha duración máxima de 3 horas e consistirá na resolución de diversos supostos prácticos mediante elaboración de cálculos, esquemas e/ou montaxes que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. O profesor do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Para o desenvolvemento da mesma os/as aspirantes deberán presentarse puntualmente para o chamamento, único, na aula, día e hora indicados no calendario oficial, aqueles aspirantes que non comparezan serán excluídos do proceso. Para acceder á proba deberase acudir provisto de documento de identificación (D.N.I., Pasaporte ou N.I.E.).
Só se poderá acceder á aula provistos de bolígrafo azul e negro, calculadora non programable e multímetro dixital e non se poderá empregar ningún outro tipo de material (corrector, bolígrafo doutra cor, folios,...).
Non se admitirá mesmamente o uso de ningún aparato electrónico ou de comunicación co exterior desde o inicio das probas, incluído o chamamento, ate o remate das mesmas. Isto inclúe teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo. O seu uso será motivo de exclusión.

Así mesmo, será motivo de exclusión calquera actuación de tipo fraudulento ou que incumpran as normas de prevención, protección e seguridade,sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Entre as actuacións de tipo fraudulento, que motivarán a exclusión das persoas aspirantes, considerase a utilización de calquera medio non permitido para a obtención dun resultado satisfactorio, tanto se fose empregado ou se intentase facelo. Neste caso, o profesor do módulo profesional cualificará esta parte da proba do módulo cun cero.

Unha vez iniciada a proba, as persoas candidatas agardarán un mínimo de quince minutos antes de poder abandonar a aula na que se estea a realizar, e entregarán a proba asinada ao profesor responsable. Non se poderá retirar da aula ningunha copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización do mesmo.

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0235	Instalacións eléctricas interiores	2025/2026	0	320	0
MP0235_13	Instalacións eléctricas de vivendas e de edificios de vivendas	2025/2026	0	145	0
MP0235_23	Instalacións eléctricas en locais de tipo comercial e industrial	2025/2026	0	125	0
MP0235_33	Instalacións electroacústicas (intercomunicación e sonorización) e de seguridade nos ámbitos residencial, comercial e industrial	2025/2026	0	50	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	SONIA DÍAZ COSTA,ENRIQUE MACÍAS GARCÍA (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0235_23) RA1 - Configura e monta, consonte a normativa, a instalación eléctrica dun local de pública concorrencia, así como os aspectos diferenciais dun local con risco de incendio ou explosión, dun local de características especiais e das instalacións con fins especiai
(MP0235_13) RA1 - Configura e monta circuítos eléctricos básicos, para o que interpreta a documentación técnica.
(MP0235_33) RA1 - Recoñece elementos e equipamentos das instalacións electroacústicas, de seguridade e de CCTV, para o que identifica as partes que as compoñen e as súas características máis salientables.
(MP0235_23) RA2 - Verifica a posta en servizo dunha instalación dun local de pública concorrencia, dun local con risco de incendio ou explosión, dun local de características especiais e de instalacións con fins especiais atendendo ás especificacións do REBT.
(MP0235_33) RA2 - Configura instalacións electroacústicas e de seguridade, para o que determina os elementos que as conforman, e selecciona compoñentes e equipamentos.
(MP0235_13) RA2 - Configura e monta a instalación eléctrica dunha vivenda con grao de electrificación básico e elevado, así como a instalación de servizos xerais dun edificio de vivendas, aplicando o regulamento electrotécnico de baixa tensión (REBT).
(MP0235_13) RA3 - Formaliza a documentación técnica e administrativa de instalacións de vivendas con grao de electrificación básico e elevado, así como de instalacións de servizos xerais dun edificio, atendendo ao REBT.
(MP0235_23) RA3 - Formaliza a documentación técnica e administrativa dun local de pública concorrencia, dun local con risco de incendio ou explosión, dun local de características especiais e de instalacións con fins especiais, atendendo ao REBT.
(MP0235_33) RA4 - Verifica e axusta os elementos das instalacións electroacústicas e de seguridade, para lo que mide os parámetros significativos, e logo interpreta os seus resultados.
(MP0235_13) RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.
(MP0235_23) RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.
(MP0235_33) RA6 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0235_13) CA1.1 Describíronse os principios de funcionamento dos mecanismos e os receptores.
(MP0235_33) CA1.1 Identificáronse os principios da electroacústica, da seguridade e dos CCTV.

ANEXO III

MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
(MP0235_23) CA1.1 Interpretouse a documentación técnica da instalación e a normativa.
(MP0235_13) CA1.2 Interpretáronse os esquemas eléctricos e analizouse o seu funcionamento.
(MP0235_33) CA1.2 Identificáronse as necesidades electroacústicas e de seguridade de cada tipo de local: sonorización, intercomunicación interior entre estancias, servizo de avisos xerais, detección de incendio, detección de intrusión ou detección de gases, etc.
(MP0235_23) CA1.2 Identificáronse os elementos da instalación.
(MP0235_13) CA1.3 Utilizáronse as ferramentas axeitadas para cada instalación.
(MP0235_33) CA1.3 Identificáronse os equipamentos e os elementos que compoñen as instalacións electroacústicas e de seguridade.
(MP0235_23) CA1.3 Realizouse a correcta clasificación do local segundo o REBT.
(MP0235_13) CA1.4 Montáronse os mecanismos en relación coa súa utilización.
(MP0235_33) CA1.4 Describíronse as funcións e as características máis salientables dos equipamentos e dos elementos de conexión.
(MP0235_23) CA1.4 Aplicáronse as normas tecnolóxicas acaídas para o tipo de local.
(MP0235_13) CA1.5 Montáronse axeitadamente os receptores.
(MP0235_33) CA1.5 Analizouse a normativa relativa ás instalacións electroacústicas e de seguridade.
(MP0235_23) CA1.5 Tivéronse en conta as medidas de seguridade e calidade propias deste tipo de instalación.
(MP0235_13) CA1.6 Realizáronse as conexións consonte a norma.
(MP0235_33) CA1.6 Interpretáronse esquemas relativos ás instalacións electroacústicas e de seguridade.
(MP0235_33) CA1.7 Describíronse as posibilidades de interconexión das instalacións electroacústicas e de seguridade cos sistemas de telefonía, cos sistemas de portaría e videoportaría e cos sistemas domóticos.
(MP0235_23) CA1.8 Realizouse o cadro xeral de protección atendendo ao tipo de instalación e ao REBT.
(MP0235_23) CA1.9 Instaláronse os cadros de distribución secundarios necesarios.

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
(MP0235_23) CA1.11 Tivéronse en conta os tempos previstos atendendo a un procedemento de calidade acordado.
(MP0235_23) CA1.14 Realizouse o orzamento correspondente á solución adoptada.
(MP0235_13) CA2.1 Identificáronse as características da instalación tendo en conta a súa utilización e a súa potencia.
(MP0235_33) CA2.1 Identificáronse as especificacións técnicas da instalación.
(MP0235_23) CA2.1 Verificouse a adecuación da instalación ás instrucións do REBT.
(MP0235_13) CA2.2 Aplicouse o REBT.
(MP0235_33) CA2.2 Aplicouse a normativa.
(MP0235_23) CA2.2 Comprobáronse os valores de illamento da instalación.
(MP0235_13) CA2.3 Identificáronse os elementos dentro do conxunto da instalación e en catálogos comerciais.
(MP0235_33) CA2.3 Realizouse unha clasificación das instalacións.
(MP0235_23) CA2.3 Mediuse a resistencia da toma de terra e a corrente de fuga da instalación.
(MP0235_13) CA2.4 Realizouse a previsión dos mecanismos e os elementos necesarios.
(MP0235_33) CA2.4 Calculáronse os parámetros dos elementos e dos equipamentos da instalación.
(MP0235_23) CA2.4 Medíronse e rexistráronse os valores dos parámetros característicos.
(MP0235_23) CA2.5 Verificouse a sensibilidade de disparo dos interruptores diferenciais.
(MP0235_33) CA2.5 Utilizouse a simboloxía normalizada.
(MP0235_23) CA2.6 Mediuse a continuidade dos circuítos.
(MP0235_33) CA2.6 Realizáronse os esbozos e os esquemas da instalación coa calidade requirida.

ANEXO III

MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
(MP0235_23) CA2.7 Analizouse a rede para detectar harmónicos e perturbacións.
(MP0235_33) CA2.7 Utilizáronse aplicacións informáticas.
(MP0235_13) CA2.8 Respectáronse os tempos estipulados tendo en conta os criterios básicos de eficiencia.
(MP0235_33) CA2.8 Utilizouse documentación técnica e comercial para a selección dos equipamentos e os materiais.
(MP0235_23) CA2.8 Comprobouse o illamento do chan.
(MP0235_23) CA2.9 Verificouse o correcto funcionamento de toda a instalación.
(MP0235_33) CA2.9 Elaborouse o orzamento correspondente á solución adoptada.
(MP0235_33) CA2.10 Prestouse especial importancia ás necesidades da propiedade da instalación.
(MP0235_13) CA2.11 Realizáronse tarefas de forma individual e colectiva cunha correcta organización do traballo.
(MP0235_13) CA2.12 Realizouse a instalación tendo en conta os criterios básicos para o óptimo aproveitamento dos materiais empregados.
(MP0235_13) CA3.1 Identificáronse as características da instalación atendendo á súa utilización e á súa potencia.
(MP0235_23) CA3.1 Identificáronse as características da instalación atendendo á súa utilización e á súa potencia.
(MP0235_13) CA3.2 Confeccionouse unha pequena memoria xustificativa.
(MP0235_23) CA3.2 Confeccionouse unha pequena memoria xustificativa.
(MP0235_13) CA3.3 Trazouse un esbozo da vivenda e da instalación.
(MP0235_23) CA3.3 Trazouse un esbozo do local e da instalación.
(MP0235_13) CA3.4 Debuxáronse os esquemas unifilares dos circuítos atendendo á normalización.
(MP0235_23) CA3.4 Debuxáronse os esquemas unifilares dos circuítos atendendo á normalización.

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
(MP0235_13) CA3.5 Calculáronse os dispositivos de corte e protección.
(MP0235_23) CA3.5 Calculáronse os dispositivos de corte e protección, a sección dos condutores e da caída de tensión, e o dimensionamento das tubaxes ou canles protectoras.
(MP0235_13) CA3.6 Realizouse o cálculo da sección dos condutores e da caída de tensión, así como o dimensionamento da tubaxes ou canles protectoras, e dos dispositivos de corte e protección.
(MP0235_23) CA3.6 Utilizáronse catálogos e documentación técnica para xustificar as decisións adoptadas.
(MP0235_13) CA3.7 Utilizáronse catálogos e documentación técnica para xustificar as decisións adoptadas.
(MP0235_23) CA3.7 Confeccionouse a documentación axeitada (memoria técnica de deseño, certificado da instalación, instrucións xerais de uso e mantemento, etc.), atendendo ás instrucións do REBT e das administracións competentes.
(MP0235_13) CA3.8 Confeccionouse a documentación axeitada (memoria técnica de deseño, certificado da instalación, instrucións xerais de uso e mantemento, etc.), atendendo ás instrucións do REBT e das administracións competentes.
(MP0235_23) CA3.8 Empregáronse aplicacións informáticas para a elaboración da documentación técnica e administrativa.
(MP0235_13) CA3.9 Empregáronse aplicacións informáticas para a elaboración da documentación técnica e administrativa.
(MP0235_23) CA3.9 Tivéronse en conta os criterios básicos de calidade para a elaboración da documentación.
(MP0235_13) CA3.10 Tivéronse en conta os criterios básicos de calidade para a elaboración da documentación.
(MP0235_33) CA4.1 Describíronse as unidades e os parámetros dos sistemas que conforman a instalación.
(MP0235_33) CA4.2 Realizáronse as medidas dos parámetros significativos dos sinais nos sistemas da instalación.
(MP0235_33) CA4.3 Relacionáronse os parámetros medidos cos característicos da instalación.
(MP0235_33) CA4.4 Utilizáronse ferramentas informáticas para a programación dos equipamentos da instalación.
(MP0235_33) CA4.5 Realizáronse probas funcionais e axustes.
(MP0235_33) CA4.6 Elaborouse a documentación técnica onde se reflictan as actividades desenvolvidas, os procedementos utilizados e os resultados obtidos, así como un pequeno manual de emprego do equipamento instalado.
(MP0235_33) CA4.7 Tívose en conta o coidado da instrumentación e da ferramenta utilizada.

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
(MP0235_13) CA5.1 Identifícáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os útiles, as máquinas e os medios de transporte.
(MP0235_23) CA5.1 Identifícáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os útiles, as máquinas e os medios de transporte.
(MP0235_13) CA5.2 Operouse coas máquinas respectando as normas de seguridade.
(MP0235_23) CA5.2 Operouse coas máquinas respectando as normas de seguridade.
(MP0235_13) CA5.3 Identifícáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.
(MP0235_23) CA5.3 Identifícáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.
(MP0235_13) CA5.4 Describíronse os elementos de seguridade das máquinas (proteccións, alarmas, paros de emerxencia, etc.) e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de montaxe e mantement
(MP0235_23) CA5.4 Describíronse os elementos de seguridade das máquinas (proteccións, alarmas, paros de emerxencia, etc.) e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de montaxe e mantement
(MP0235_13) CA5.5 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e de protección persoal requiridas.
(MP0235_23) CA5.5 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e de protección persoal requiridas.
(MP0235_13) CA5.6 Identifícáronse as posibles fontes de contaminación do contorno ambiental.
(MP0235_23) CA5.6 Identifícáronse as posibles fontes de contaminación do contorno ambiental.
(MP0235_13) CA5.7 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
(MP0235_23) CA5.7 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
(MP0235_13) CA5.8 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.
(MP0235_23) CA5.8 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.
(MP0235_33) CA6.1 Identifícáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os útiles, as máquinas e os medios de transporte.
(MP0235_33) CA6.2 Operouse coas máquinas respectando as normas de seguridade.

Criterios de avaliación do currículo
(MP0235_33) CA6.3 Identifícáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.
(MP0235_33) CA6.4 Describíronse os elementos de seguridade das máquinas e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de montaxe e mantemento.
(MP0235_33) CA6.5 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e de protección persoal requiridos.
(MP0235_33) CA6.6 Identifícáronse as posibles fontes de contaminación do contorno ambiental.
(MP0235_33) CA6.7 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
(MP0235_33) CA6.8 Valorouse a orde e a limpeza de instalacións e do equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0235_23) RA1 - Configura e monta, consonte a normativa, a instalación eléctrica dun local de pública concorrencia, así como os aspectos diferenciais dun local con risco de incendio ou explosión, dun local de características especiais e das instalacións con fins especiai
(MP0235_13) RA1 - Configura e monta circuítos eléctricos básicos, para o que interpreta a documentación técnica.
(MP0235_23) RA2 - Verifica a posta en servizo dunha instalación dun local de pública concorrencia, dun local con risco de incendio ou explosión, dun local de características especiais e de instalacións con fins especiais atendendo ás especificacións do REBT.
(MP0235_13) RA2 - Configura e monta a instalación eléctrica dunha vivenda con grao de electrificación básico e elevado, así como a instalación de servizos xerais dun edificio de vivendas, aplicando o regulamento electrotécnico de baixa tensión (REBT).
(MP0235_33) RA3 - Monta instalacións electroacústicas e de seguridade, para o que interpreta documentación técnica e aplica técnicas de montaxe.
(MP0235_13) RA4 - Mantén instalacións interiores de vivendas e de servizos xerais dos edificios aplicando técnicas de medicións eléctricas, tendo en conta a relación entre a disfunción e a súa causa.
(MP0235_23) RA4 - Mantén instalacións de locais de pública concorrencia, locais con risco de incendio ou explosión, locais de características especiais e instalacións con fins especiais aplicando técnicas de medicións eléctricas, tendo en conta a relación entre a disfunció
(MP0235_33) RA5 - Mantén equipamentos e instalacións electroacústicas e de seguridade aplicando técnicas de detección, e relaciona as disfuncións coas súas causas.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0235_23) CA1.6 Instalouse a iluminación de emerxencia.
(MP0235_13) CA1.7 Verificouse o funcionamento das instalacións.
(MP0235_23) CA1.7 Instalouse a fonte de alimentación secundaria axeitada para o tipo de local.
(MP0235_13) CA1.8 Medíronse as magnitudes fundamentais.
(MP0235_23) CA1.8 Realizouse o cadro xeral de protección atendendo ao tipo de instalación e ao REBT.
(MP0235_13) CA1.9 Respectáronse os criterios de calidade en relación cos traballos realizados.
(MP0235_23) CA1.9 Instaláronse os cadros de distribución secundarios necesarios.
(MP0235_13) CA1.10 Tivéronse en conta as normas de boas prácticas no uso da instrumentación e da ferramenta utilizada.
(MP0235_23) CA1.10 Utilizáronse as canalizacións adecuadas atendendo á súa utilización e á súa localización.
(MP0235_23) CA1.11 Tivéronse en conta os tempos previstos atendendo a un procedemento de calidade acordado.
(MP0235_23) CA1.12 Utilizouse a ferramenta axeitada en cada momento.
(MP0235_23) CA1.13 Tivéronse en conta as normas de boas prácticas no uso da instrumentación e da ferramenta utilizada.
(MP0235_23) CA1.14 Realizouse o orzamento correspondente á solución adoptada.
(MP0235_23) CA1.15 Respectáronse os tempos estipulados tendo en conta os criterios básicos de eficiencia.
(MP0235_23) CA1.16 Realizáronse tarefas colectivamente cunha correcta organización do traballo.
(MP0235_23) CA1.17 Realizouse a instalación tendo en conta os criterios básicos para o óptimo aproveitamento dos materiais.

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
(MP0235_23) CA1.18 Tívose en conta a limpeza e a orde no desenvolvemento dos traballos realizados.
(MP0235_23) CA1.19 Prestóuselles importancia ás necesidades da propiedade da instalación.
(MP0235_13) CA2.1 Identificáronse as características da instalación tendo en conta a súa utilización e a súa potencia.
(MP0235_23) CA2.1 Verificouse a adecuación da instalación ás instrucións do REBT.
(MP0235_13) CA2.2 Aplicouse o REBT.
(MP0235_23) CA2.2 Comprobáronse os valores de illamento da instalación.
(MP0235_23) CA2.3 Mediuse a resistencia da toma de terra e a corrente de fuga da instalación.
(MP0235_23) CA2.4 Medíronse e rexistráronse os valores dos parámetros característicos.
(MP0235_13) CA2.5 Realizouse o plan de montaxe da instalación.
(MP0235_23) CA2.5 Verificouse a sensibilidade de disparo dos interruptores diferenciais.
(MP0235_13) CA2.6 Elaborouse un procedemento de montaxe consonte criterios de calidade.
(MP0235_23) CA2.6 Mediuse a continuidade dos circuítos.
(MP0235_13) CA2.7 Utilizáronse as ferramentas axeitadas para cada elemento.
(MP0235_23) CA2.7 Analizouse a rede para detectar harmónicos e perturbacións.
(MP0235_23) CA2.8 Comprobouse o illamento do chan.
(MP0235_13) CA2.9 Verificouse a correcta instalación das canalizacións, de xeito que se permita a instalación dos condutores.
(MP0235_23) CA2.9 Verificouse o correcto funcionamento de toda a instalación.
(MP0235_13) CA2.10 Verificouse o funcionamento da instalación: protección, toma de terra, etc.

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
(MP0235_13) CA2.13 Tívose en conta a limpeza e a orde no desenvolvemento dos traballos realizados.
(MP0235_33) CA3.1 Interpretouse a documentación técnica da instalación: planos, esquemas, regulamentación, etc.
(MP0235_33) CA3.2 Realizouse a traza da instalación.
(MP0235_33) CA3.3 Localizáronse e fixáronse canalizacións.
(MP0235_33) CA3.4 Realizáronse operacións de montaxe dos equipamentos.
(MP0235_33) CA3.5 Tendéronse os cables dos sistemas da instalación.
(MP0235_33) CA3.6 Conectáronse os equipamentos e os elementos da instalación.
(MP0235_33) CA3.7 Aplicáronse os criterios de calidade nas operacións de montaxe.
(MP0235_33) CA3.8 Optimizáronse de materiais.
(MP0235_33) CA3.9 Tívose en conta a limpeza e a orde no desenvolvemento dos traballos realizados.
(MP0235_33) CA3.10 Realizáronse tarefas tendo en conta os criterios básicos de eficiencia.
(MP0235_33) CA3.11 Realizáronse tarefas colectivamente e cunha correcta organización do traballo.
(MP0235_13) CA4.1 Verificáronse os síntomas de avarías a través das medidas realizadas e da observación da instalación.
(MP0235_23) CA4.1 Verificáronse os síntomas de avarías a través das medidas realizadas e da observación da instalación.
(MP0235_13) CA4.2 Propuxéronse hipóteses razoadas das causas e a súa repercusión na instalación.
(MP0235_23) CA4.2 Propuxéronse hipóteses razoadas das causas e a súa repercusión na instalación.
(MP0235_13) CA4.3 Localizouse a avaría utilizando un procedemento técnico de intervención.
(MP0235_23) CA4.3 Localizouse a avaría utilizando un procedemento técnico de intervención.

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
(MP0235_13) CA4.4 Operouse con autonomía na resolución da avaría.
(MP0235_23) CA4.4 Operouse con autonomía na resolución da avaría.
(MP0235_13) CA4.5 Propuxéronse medidas de mantemento obrigadas en cada circuíto ou elemento da instalación.
(MP0235_23) CA4.5 Propuxéronse medidas de mantemento obrigadas en cada circuíto ou elemento da instalación.
(MP0235_13) CA4.6 Comprobouse o correcto funcionamento das proteccióńs.
(MP0235_23) CA4.6 Comprobouse o correcto funcionamento das proteccióńs.
(MP0235_13) CA4.7 Realizáronse comprobacións das unións e dos elementos de conexión.
(MP0235_23) CA4.7 Realizáronse comprobacións das unións e dos elementos de conexión.
(MP0235_33) CA5.1 Realizáronse as medidas dos parámetros de funcionamento utilizando os medios, os equipamentos e os instrumentos específicos.
(MP0235_33) CA5.2 Operouse coas ferramentas e cos instrumentos adecuados para a diagnose de avarías.
(MP0235_33) CA5.3 Identificáronse os síntomas de avarías e disfuncións.
(MP0235_33) CA5.4 Formuláronse hipóteses das causas da avaría e da súa repercusión na instalación.
(MP0235_33) CA5.5 Localizouse o subsistema, o equipamento ou o elemento responsable da disfunción.
(MP0235_33) CA5.6 Operouse con autonomía nas actividades propostas.
(MP0235_33) CA5.7 Elaborouse a secuencia de intervención para a reparación da avaría.
(MP0235_33) CA5.8 Reparáronse ou, de ser o caso, substituíronse os compoñentes causantes da avaría.
(MP0235_33) CA5.9 Verificouse a compatibilidade do novo elemento instalado.
(MP0235_33) CA5.10 Restablecéronse as condicións de normal funcionamento do equipamento ou da instalación.

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
(MP0235_33) CA5.11 Realizáronse as intervencións de mantemento coa calidade requirida.
(MP0235_33) CA5.12 Elaborouse un informe-memoria das actividades desenvolvidas, os procedementos utilizados e os resultados obtidos.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A proba de avaliación versará sobre os aspectos teóricos recollidos nas UF que integran o módulo.

Realizaránse unha proba con dúas partes segundo o seguinte criterio:
- A primeira parte será eliminatoria.
- Cada unha das probas terá unha cualificación comprendida entre 0 e 10 puntos.

- A primeira parte da proba, será de contidos teóricos.
  Peso 40% (Debe acadarse un mínimo de 5 sobre 10, para poder facer media)
- A segunda parte constará de exercicios prácticos, que poderán ser cálculos, esquemas e exercicios no taller.
  Peso 60% (Debe acadarse un mínimo de 5 sobre 10, para poder facer media)

Non se permite acceder a aula co mobil encendido. Só se permiten calculadoras non programables.

4. Caracteríticas da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba ten carácter teórico e ríxese polos seguintes criterios:

- Terá unha duración máxima de 3 horas.

- Está composta por diversas pregúntas sobre os contidos impartidos no módulo, como coñecementos da normativa, os elementos e os procedementos da montaxe das instalacións.
- Cada exercicio deberá acadar unha puntuación mínima do 50% (por formar parte de contido mínimo), salvo que expresamente se indique no exame.
- Os esquemas deberán ser realizados con regla.
- O alumnado deberá traer calculadora non programable.
- O peso desta proba é do 40%, e a nota mínima para realizar media debe ser de 5 sobre 10.
- Esta parte será eliminatoria, polo que será preciso acadar unha nota igual ou superior a 5 para poder realizar a segunda parte da proba.

4.b) Segunda parte da proba

A segunda parte da proba ten carácter práctico e ríxese polos seguintes criterios:

- Terá unha duranción máxima de 3 horas.
- Está composta por diversos exercicios de carácter práctico sobre os contidos impartidos no módulo, como coñecementos da normativa, os elementos e os procedementos da montaxe das instalacións.
- Cada exercicio deberá acadar unha puntuación mínima do 50% (por formar parte de contido mínimo), salvo que expresamente se indique no exame.
- Os esquemas deberán ser realizados con regla.
- O peso desta proba é do 60%, e a nota mínima para realizar media debe ser de 5 sobre 10.
- O alumnado deberá traer calculadora non programable.

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0236	Instalacións de distribución	2025/2026	0	155	0
MP0236_24	Centros de transformación	2025/2026	0	35	0
MP0236_14	Redes de distribución en alta tensión	2025/2026	0	30	0
MP0236_34	Redes de distribución en baixa tensión, acometidas e redes de iluminación exterior	2025/2026	0	44	0
MP0236_44	Instalacións de enlace e tarifas eléctricas	2025/2026	0	46	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CÉSAR SILVA FEIJOO
Outro profesorado	

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
